



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Panorama da literatura en lingua española II

Materia	Panorama da literatura en lingua española II			
Código	V01G160V01404			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Literatura española e teoría da literatura			
Coordinador/a	Fariña Busto, Maria Jesús Ribao Pereira, Montserrat			
Profesorado	Fariña Busto, Maria Jesús Ribao Pereira, Montserrat			
Correo-e	mbusto@uvigo.es ribao@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo da literatura española desde o século XVIII ata a actualidade e aproximación xeral á historia literaria hispanoamericana.			

## Competencias de titulación

Código	
A3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A11	Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura e á cultura española, galega e portuguesa nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera, por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras, particularmente nos diferentes ámbitos xeográficos e culturais das linguas galega e española.
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
B5	Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Sintetizar, relacionar e describir a literatura española e hispanoamericana nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, no período comprendido entre o século XVIII e a actualidade.	A3

Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación e docencia en literatura española dos séculos XVIII-XXI e hispanoamericana.	A6
Formular razoamentos críticos no ámbito literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva aos textos españois dos séculos XVIII-XXI e hispanoamericanos.	A8
Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español a propósito dos textos literarios españois dos séculos XVIII-XXI e hispanoamericanos, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.	A9
Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura española nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon nos séculos XVIII-XXI e en Hispanoamérica, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera, por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras.	A11
Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	B2
Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.	B3
Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	B5

## Contidos

Tema	
1. A Literatura Española do século XVIII	1.1. Periodización 1.2. Debates literarios 1.3. Xéneros
2. A Literatura Española do século XIX	2.1. Estéticas 2.2. Evolución dos xéneros
3. A Literatura Española do século XX	3.1. Periodización 3.2. Aspectos estéticos xerais
4. A Literatura Hispanoamericana: unha introdución	4.1. De que falamos cando falamos de Literatura Hispanoamericana 4.2. Periodización 4.3. Contextos xeográficos, políticos e culturais
5. A Literatura Hispanoamericana do século XVI ao XVIII	5.1. O encontro entre culturas. Aproximacións ás 'Crónicas de Indias'. 5.2. A obra de Sor Juana Inés de la Cruz
	6.1. A Independencia 6.2. Romanticismo e Modernismo 6.3. Achegamento a algunhas figuras literarias do século XX
6. A Literatura Hispanoamericana dos séculos XIX e XX	

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Traballos de aula	16	0	16
Traballos tutelados	0	10	10
Titoría en grupo	4	0	4
Sesión maxistral	30	28	58
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	0	30	30
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	0	30	30

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Eventos docentes e/ou divulgativos	Conferencias, charlas, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por poñentes de prestixio, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.

Traballos de aula	O estudiantado desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesorado. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do alumnado.
Traballos tutelados	O estudiantado, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe, así como debates en grupo sobre problemas ou cuestións concretas da materia.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudiantado.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Nas horas de titoría alumnas e alumnos poderán consultar, de maneira personalizada, calquera dúbida que teñan, tanto sobre os contidos da asignatura como sobre as diferentes cuestións relativas ó desenvolvemento dos traballos. Os traballos realizados na aula contarán tamén, en todo momento, con esta atención personalizada. A atención por correo electrónico levarase a cabo NAS MESMAS HORAS das titorías presenciais.
Traballos tutelados	Nas horas de titoría alumnas e alumnos poderán consultar, de maneira personalizada, calquera dúbida que teñan, tanto sobre os contidos da asignatura como sobre as diferentes cuestións relativas ó desenvolvemento dos traballos. Os traballos realizados na aula contarán tamén, en todo momento, con esta atención personalizada. A atención por correo electrónico levarase a cabo NAS MESMAS HORAS das titorías presenciais.
Titoría en grupo	Nas horas de titoría alumnas e alumnos poderán consultar, de maneira personalizada, calquera dúbida que teñan, tanto sobre os contidos da asignatura como sobre as diferentes cuestións relativas ó desenvolvemento dos traballos. Os traballos realizados na aula contarán tamén, en todo momento, con esta atención personalizada. A atención por correo electrónico levarase a cabo NAS MESMAS HORAS das titorías presenciais.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	O estudiantado presenta o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia, na preparación de seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo, de forma oral ou escrita	40
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. O alumnado debe desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta extensa.	30
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. O alumnado debe dar resposta á actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.	30

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Esta materia consta de dúas partes ben diferenciadas: a primeira, do 19 de xaneiro ao 17 de marzo; a segunda, do 18 de marzo ao 8 de maio. En consecuencia, o alumnado que se incorpore a calquera destas dúas partes máis tarde da segunda sesión perderá o dereito á avaliación continua.

Para as persoas que opten pola avaliación continua (asistencia a clases e realización dos traballos pertinentes) haberá sendos exames nas seguintes datas:

a) Primeira parte: martes 17 de marzo

b) Segunda parte: mércores 6 de maio

As persoas que non superen esta avaliación continua deberán presentarse ao examen de xullo na data que fixe a Facultade. Os exames, tanto os de cada parte da materia como o de xullo, constarán de probas prácticas e teóricas.

As persoas que opten pola avaliación única terán que realizar un exame (teórico e práctico) nas mesmas datas antes consignadas para cada parte da materia.

En todo caso, é IMPRESCINDIBLE que o alumnado que non asista regularmente a clase se poña en contacto coas profesoras

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

---

#### **Lecturas de Literatura Española:**

1. Antología de ensayos de diferente naturaleza y contenido proporcionados en clase o a través de la plataforma TEMA.
2. Fernández de Moratín, L., *El sí de las niñas*, ed. de J. Pérez Magallón, Barcelona, Crítica, 1994.

---

### **Recomendacións**

---

#### **Outros comentarios**

Os guións e a bibliografía específicos de cada tema, así como a planificación horaria concreta da materia facilitaranse ao alumnado nas primeiras sesións de clase.

É fundamental o seguimento da materia a través da plataforma TEMA.

Será requisito para aprobar cada unha das actividades a correcta expresión oral e escrita, o que significa: uso pertinente dos signos de puntuación, corrección ortográfica, claridade, rigor e redacción persoal (evitando, por suposto, a reprodución de palabras e ideas alleas sen indicar a súa procedencia).

---